

REGULAMENTO

LIGA GALEGA CAIAC CROSS

2026

APROBADO COMISIÓN DELEGADA 10-04-2026

Contido

1. ORGANIZACIÓN	3
2. COMITÉ DE COMPETICIÓN	3
3. COMITÉ DE DISCIPLINA	3
4. XUÍCES, ÁRBITROS E DIRECTOR DE COMPETICIÓN	3
5. COMPETICIÓN DA LIGA	3
6. PARTICIPACIÓN	3
7. CAMBIO DE CLUBS	4
8. INSCRIPCIÓN	4
9. CATEGORÍAS E MODALIDADES	5
10. IDENTIFICACIÓN DOS DEPORTISTAS	6
11. CONTROL DE EMBARCACIÓN	6
12. DORSAIS	6
13. DESCUALIFICACIÓN	7
14. SISTEMA DE COMPETICIÓN	7
15. PENALIZACIÓN, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN	8
16. RANKING, HORARIO E ORDE DE SAÍDAS	10
17. REGULAMENTOS, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN POR CLUBS	11
18. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS	13
19. DESEMPATES	13
20. RECLAMACIÓN	13
21. TÍTULOS	14
22. RECOLLIDA DE TROFEOS EN CADA COMPETICIÓN	14
23. SUSPENSIÓN DUNHA COMPETICIÓN	14
24. CAUSA MAIOR	15
25. OUTRAS NORMAS	15
26. LEMBRANZA	15
27. REQUISITOS DOS ORGANIZADORES	16
28. INFORMACIÓN	17
29. DISPOSICIÓN FINAL	18

LIGA GALEGA DE CAIAC CROSS

1. ORGANIZACIÓN

A organización técnica, execución e coordinación desta Liga corresponderá integramente á Federación Galega de Piragüismo (F.G.P.), así como de todas as competicións puntuables que as integran, coas colaboracións que procedan en cada unha das competicións puntuables a execución ao club e/ou organizador de cada unha delas.

2. COMITÉ DE COMPETICIÓN

Cada competición puntuable terá o seu propio Comité de Competición de acordo cos Regulamentos da F.G.P.

3. COMITÉ DE DISCIPLINA

Será o Comité Galego de Competición e de Réxime Disciplinario da F.G.P. para todo o referente a esta Liga e todas as súas competicións puntuables.

4. XUÍCES, ÁRBITROS E DIRECTOR DE COMPETICIÓN

O equipo arbitral para cada unha das distintas competicións puntuais das diferentes competicións que integran esta Liga será designado pola FGP a proposta do Comité Galego de Árbitros.

O Director de Competición será designado pola FGP de acordo co Comité Galego de Árbitros.

5. COMPETICIÓN DA LIGA

As competicións puntuables a celebrar nesta Liga de Caiac Cross 2026 son as figuren como tales no calendario oficial da tempada 2026.

6. PARTICIPACIÓN

6.1 Aberta a todos os deportistas de clubs galegos, que, estando en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a temporada 2026 na data de peche de inscrición que para cada competición se determine, reúnan as condicións deste regulamento. En todas as Competicións desta Copa poderán participar padexeiros de clubs non galegos e doutras federacións inscritas na I.C.F. agás nos campionatos galegos, no que só o poderán

facer como abridores.

6.2 Nas competicións que conforman esta Liga Galega un deportista só pode participar na súa categoría ou na inmediata superior, agás os vetaranos que poderán competir coma sénior.

6.3 Nas competicións cada club contará coa presenza dun técnico con licenza en vigor que será responsable dos deportistas o cal exercerá de xefe de equipo.

6.4 Os xefes de equipo deberán asistir á reunión informativa que determine o comité de competición onde se informará do funcionamento da competición.

6.5 Cando unha categoría conte con menos de 3 participantes de dous clubs, os participantes poderanse cambiar a categoría superior, na confirmación de inscricións sempre a petición do Xefe de Equipo.

6.6 Sempre a criterio do comité de competición, poderán tomar a saída o número de abridores e pechadores que este considere oportuno; estes participarán na contra reloxo e nunha única fase de confrontación: final dos 4 mellores da contra reloxo. Terán resultados a título informativo mais non formaran parte da competición.

7. CAMBIO DE CLUBS

O deportista que tendo participado por un club determinado nalguna das competicións puntuables desta Liga, poderá cambiar de club si así o desexa e competir co mesmo, pero en ningún caso puntuará a embarcación na que compita dentro da mesma tempada.

8. INSCRIPCIÓNS

8.1. O prazo para o peche de inscricións remata o domingo anterior á celebración da competición.

As inscricións serán feitas nos prazos establecidos á través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo, www.fegapi.es coas claves entregadas ao efecto a cada club.

8.2. Cando a inscrición sexa para una competición organizada por outra federación que non sexa a Galega, a inscrición deberase enviar a federación organizadora seguindo as pautas que o organizador indique e respectando os prazos que este indique.

8.3. Cando a inscrición sexa para unha competición de ámbito nacional, a celebrar en Galicia, os clubs terán que facer as inscricións a través da aplicación web da RFEP, seguindo os prazos establecidos pola RFEP e axustar a súa inscrición as categorías establecidas pola mesma para esa Liga na presente tempada 2026, aínda que estas non coincidan coas da Liga Galega.

8.4. A efectos de puntuación de clubs para a Liga Galegas de Slalom Cross se lles asignarán os puntos conforme a clasificación de clubs resultada da proba, extrapolando os datos e

quitando os clubs que son de fora de Galicia (e dicir que un club pode quedar 3º na clasificación nacional pero si é o primeiro galego puntuará como primeiro para a liga galega, e así co resto). Deste xeito, a extrapolación de puntuacións non é aplicada á clasificación individual dos deportistas, senón que única e exclusivamente á clasificación de clubs.

8.5. Os Xefes de Equipo deberán confirmar a participación do seu equipo e realizar as modificacións nas oficinas habilitadas nas datas de celebración da competición desde as 9:00 horas ata as 9:30 horas (salvo que indique o contrario o regulamento da propia competición, se o houberse ou algún comunicado dende a FGP indicando novos horarios), podéndose facer de maneira presencial no lugar de celebración da competición. En caso de non procederse a dita confirmación se entenderá que todas as saídas son correctas, procedéndose a sancionar con a non comparecencia das embarcacións inscritas pero non anuladas.

8.6. As taxas por baixas/anulacións dos deportistas son de 5 € por cada unha no momento da formalización das inscricións, cunha tolerancia sen custe de unha anulación con ata dez participantes, dúas ata vinte, etc.

8.7. A sanción por embarcación non anulada e que non tome a saída será de 20€ por cada embarcación.

8.8. Pódese dar de alta a un padexeiro o mesmo día da proba durante o período de confirmación de inscricións e previo pago de 15 euros e sempre que o club estea previamente inscrito en prazo e forma.

8.9. A reunión de Xefes de Equipo para cada competición realizarase, para informar ou aclarar o que se precise, o mesmo día da competición segundo o horario establecido.

9. CATEGORÍAS E MODALIDADES

As categorías e para cada competición, sempre na modalidade de Caiac Cross (KC), serán as seguintes:

Categorías	Modalidades
Home Sénior	KC
Muller Sénior	KC
Home Xuvenil	KC
Muller Xuvenil	KC

- Categoría abridores, só contra reloxo e final.

10. IDENTIFICACIÓN DOS DEPORTISTAS

No momento de acceder os/as deportistas á auga se poderá realizar un control de licenza polo Árbitro correspondente, polo que será obrigatorio que todos os padexeiros leven a seu D.N.I.

11. CONTROL DE EMBARCACIÓNS

11.1. As embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas establecidas nos Regulamentos da Federación Internacional de Piragüismo (ICF) para cada especialidade.

Medidas	Lonxitude máxima 2,75 m.
Peso mínimo	18 kg.

O arco de todos os caiacs debe ter un radio mínimo de 5 cm. horizontalmente. O

caiac no debe ter ningún borde perigoso ou afiado.

Todos os caiacs deben contar en cada extremo de asa a no máis de 50 cm. de proa e popa.

Considéranse asas: lazo de corda, corda con asa ou asa que sexa parte integral da construción da embarcación.

As asas deben permitir en todo momento o paso folgado de toda a man para a agarrara embarcación.

O material utilizado debe ter polo menos 6 mm. de diámetro, ou un mínimo de 2x10 mm. de sección.

Non esta permitido pegar as asas

Os deportistas deberán levar chaleco e casco.

Non se permite que a pala teña bordes afiados, estes deben estar cubertos. Non se permiten palas con punta metálica.

11.2. Poderase proceder ao control de peso das embarcacións en calquera das probas que compoñen esta Liga se o comité de competición así o decreta e de xeito aleatorio.

12. DORSAIS

12.1. Os dorsais serán facilitados pola F.G.P ou no caso de tratarse dunha Copa de España, pola RFEP.

12.2. Na contra reloxo usaranse dorsais numéricos, que serán devoltos ao chegar á meta. Se algún deportista non participa na contra reloxo, o seu xefe de equipo será o responsable de entregar o seu dorsal na meta antes da finalización da contra reloxo.

12.3. Para as fases de confrontación volveranse a repartir dorsais numéricos, ordenados segundo o resultado da contra reloxo.

12.4. En cada confrontación, se asignarán dorsais de cores aos catro deportistas. Ditos deportistas serán os responsables de levar os seus dorsais á saída ao finalizar cada confrontación.

12.5. Todos os participantes levarán os dorsais polos que serán controlados en cada momento dos percorridos. Terán que devolvelo nas mesmas condicións que lle foi entregado unha vez finalizada a súa participación na competición.

12.6. A sanción que cada club terá que abonar por cada dorsal non entregado é de 30 euros.

12.7. En caso de non ter devolto os dorsais ou pagada a sanción correspondente, non se admitirá a inscrición na seguinte competición de esta liga.

13. DESCUALIFICACIÓN

Os padexeiros descualificados deberán abandonar o campo de competición cando lles sexa indicado polo árbitro correspondente. A negativa a abandonar o campo será valorada polo Comité de Disciplina da F.G.P. por se é merecedora de sanción.

14. SISTEMA DE COMPETICIÓN

A competición consta dunha contra reloxo e de sucesivas fases de confrontación directa.

Nas categorías con 16 ou máis inscritos, os 16 primeiros clasificados da contra reloxo pasarán á fase de cuartos final.

Nas categorías con 8 ou máis inscritos, pero menos de 16, os 8 primeiros pasan directamente ás semifinais.

Nas categorías con menos de 8 inscritos, os 4 primeiros pasan directamente á final.

En cada fase, os dous primeiros deportistas clasificados en cada carreira pasarán á seguinte fase e os demais serán eliminados.

14.1. Elección de posicións de saída nas confrontacións:

Na primeira fase de confrontación, a posición de saída será escollida por orde de dorsal numérico dos deportistas (establecido segundo o resultado da contra reloxo).

Nas seguintes fases, os primeiros en escoller posición serán os gañadores da fase anterior. Entre eles, escollerá primeiro o que teña o dorsal numérico máis baixo.

A continuación escollerán posición os que quedaron segundos na fase anterior, comezando polo que ten o dorsal numérico máis baixo.

Antes de comezar cada fase de confrontación entregaranse dorsais de cores aos deportistas en función da orde na que escollen posición de saída, do seguinte xeito:

Orde	Cor
1º	Vermello
2º	Verde
3º	Azul
4º	Amarelo

En caso de non contar con dorsais dunha (ou varias) das cores establecidas, poderanse usar dorsais doutra cor distinta, previo aviso aos xefes de equipo.

Táboa de fases finais:

Cuartos de final 1
1º contra reloxos
8º contra reloxos
12º contra reloxos
16º contra reloxos

Cuartos de final 2
2º contra reloxos
7º contra reloxos
11º contra reloxos
15º contra reloxos

Cuartos de final 3
3º contra reloxos
6º contra reloxos
10º contra reloxos
14º contra reloxos

Cuartos de final 4
4º contra reloxos
5º contra reloxos
19º contra reloxos
13º contra reloxos

Semifinal 1
1º Cuartos de final 1
2º Cuartos de final 1
1º Cuartos de final 2
2º Cuartos de final 2

Semifinal 2
1º Cuartos de final 3
2º Cuartos de final 3
1º Cuartos de final 4
2º Cuartos de final 4

Final
1º Semifinal 1
2º Semifinal 1
1º Semifinal 2
2º Semifinal 2

15. PENALIZACIÓN, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

15.1. Os deportistas serán penalizados con unha Falta (FLT) nos seguintes casos:

- Saída falsa.
- Porta non negociada ou omitida salvo que sexa debidamente renegociada.

- c) Tocar unha porta coa man ou brazo se o deportista non está agarrando a pala coas dúas mans mentres a toca.
- d) Esquimotaxe non completado (xiro inferior a 360º) salvo que sexa debidamente re negociado. Esquimotaxe non realizado na área destinada a tal fin.

15.2. Os deportistas serán clasificados como últimos (RAL – Ranked as Last Finisher) nalgún dos seguintes supostos:

- a) O padexeiro empurre ou impida o avance dun adversario coas mans ou a pala.
- b) O padexeiro contacte deliberadamente co seu brazo ou pala no corpo dun rival
- c) O padexeiro contacte de forma perigosa coa cabeza ou corpo dun adversario.

15.3. Os padexeiros serán penalizados cun AB (Abandono) nos seguintes casos:

- a) Viraxe e abandono da embarcación.
- b) Cruzar a liña de meta boca abaixo.

15.4. Os deportistas que non tomen a saída ou non se presenten de forma apropiada nela recibirán una penalización de Non Presentado (NP).

15.5. Para asignar a puntuación individual terase en conta o seguinte:

- En todos os casos, os padexeiros que terminan sen penalización obterán mellor clasificación que os que reciban una FLT, RAL, AB ou NP. Os que reciban penalizacións clasificarán na seguinte orde: FLT, RAL, AB e NP. Cando os deportistas teñan 1 ou máis FLT, ordenaranse do deportista con menos FLT ao deportista con máis FLT.
- Dentro dos deportistas con RAL, clasifícanse en función da correcta progresión do trazado. O padexeiro que ten o RAL na porta máis avanzada clasifica antes que o resto.
- Dentro dos deportistas co mesmo número de FLT, clasifícanse en función da correcta progresión do trazado. O padexeiro que teña a primeira FLT na porta máis avanzada clasifica antes que o resto.
- No caso no que dos padexeiros teñan o mesmo número de RAL e FLT e cometeran a primeira RAL ou FLT na mesma porta, serán clasificados polo tempo da contra reloxo. O mesmo aplica para os deportistas sen ningunha penalización.
- Aos deportistas eliminados en calquera fase da competición se lles outorgará a posición en base á fase na que foron eliminados, obtendo mellor resultado aquel deportista que avanzara máis na competición. Dentro dos eliminados na mesma fase, obterán mellor resultado aqueles que teñan mellor posición dentro de dita fase. Os que foron eliminados na mesma fase a na mesma posición ordenaranse en función do resultado da contra reloxo.

16. RANKING, HORARIO E ORDE DE SAÍDAS

16.1. Ranking: o ranking elaborárase cos 3 mellores resultados das 4 últimas competicións.

16.2. Orde de saídas: a orde de saída da contra reloxo será por orde inverso do ranking por categoría.

As categorías participarán en cada fase da competición seguindo esta orde:

- Categorias sénior (KC home sénior e muller sénior)
- Categorias júnior (KC home júnior e muller júnior)

Esta orde deberase respectar en todas as competicións e non se farán cambios na orde de saída.

16.3. Horario: en función do número de inscritos, o programa/horario recomendado será o seguinte:

Inicio	Fin	Evento
9:00	9:30	Confirmación de inscricións
9:30	9:45	Reunión informativa cos xefes de equipo
10:30	12:00	Contra reloxo de todas as categorías
13:00	13:45	Cuartos de final
16:00	16:30	Semifinais
16:30	16:45	Finais
17:15	17:30	Entrega de medallas

16.4. Trazado campo de Caiac Cross: a FGP designará un trazador do campo de Caiac Cross en cada proba conforme o Regulamento.

O trazador do percorrido presentará ao Comité de Competición unha proposta de trazado que deberá ser aprobado por este Comité.

O trazado do campo realizarase seguindo a normativa:

- Requisitos das Portas:

As portas consisten nunha boia suspendida de dúas cordas. A boia será de cor verde para portas augas abaixo e vermello para portas augas arriba.

As portas deben estar numeradas.

- Requisitos do deseño do trazado:

O tempo para que os padexeiros completen o trazado de caiac Cross debería ser de 45-80 segundos.

A fase de clasificación pódese levar a cabo con portas e/ou zona de esquimo. Isto anunciarase na reunión de delegados. Nas fases de eliminación o trazado pode ser diferente ao da clasificatoria.

O trazado do circuíto das fases de eliminación debe consistir de 2 a 6 portas augas baixo e cando sexa posible de 2 pares de portas augas arriba.

As portas augas abaixo poden establecerse un par para permitir o padexeiro negociar a porta dereita ou esquerda.

As portas augas arriba deben estar configuradas de dous pares de portas para permitir o padexeiro negociar a dereita ou esquerda.

O circuíto debe contar con unha zona de esquimo marcada con bandeiras e/ou cunha boia horizontal. En caso de estar marcada cunha boia horizontal, esta debe estar situada a unha altura tal que os padexeiros podan pasar por debaixo con seguridade sen volcar a piragua.

Cando sexa posible contarase con plataforma de inicio adecuada que permita a caída dos deportistas ao canal.

17. REGULAMENTOS, PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN POR CLUBS

17.1. O regulamento principal de aplicación será o actual, no caso de temas que non se especifiquen neste tomarase o regulamento da RFEP e o da ICF.

Para que unha proba aporte puntos aos clubs teñen que inscribirse polo menos 3 embarcacións de dous clubs diferentes.

17.2. Para ter dereito a puntos nas categorías individuais e preciso superar os marxes de peche de control.

17.3. Puntuación individual: A puntuación de cada embarcación para o seu club obtérase a partir da súa posición final empregando esta relación:

Posición	Bonificación	Puntos
1	18+3	21
2	17+2	19
3	16+1	17
4	15	15
5	14	14
6	13	13
7	12	12
8	11	11
9	10	10

17.4. A partir do posto 9 os puntos obtidos por cada deportista irán descendendo de un en un ata un mínimo de 1 punto.

17.5. Condicións de puntuación:

Para que os deportistas dunha proba puntuén, deben inscribirse nesa proba e tomar saída polo menos 3 embarcacións de 2 clubs diferentes.

Na contra reloxo:

- Os palistas que non tomen saída (NP) non puntuán nin clasifican nos resultados.
- Os palistas que abandonen (AB) puntuán e clasifican nos resultados. Se hai máis de un deportista que abandona dentro da mesma categoría, todos eles reciben a mesma posición e puntuación.

Nas fases de confrontación:

- Os palistas que non tomen saída (NP) puntuán e clasifican nos resultados por detrás dos que abandonen na mesma fase.
- Os palistas que abandonen (AB) puntuán e clasifican. Se hai máis de un deportista que abandona dentro dunha mesma confrontación, puntuá e clasifica por diante o que teña o mellor resultado na contra reloxo.

17.6. Puntuación por clubs: a puntuación total dun Club obterase coa suma de todas as puntuacións individuais dos deportistas do club.

17.7. Puntuación por clubs para as Liga Galega de Caiac Cross:

Na clasificación de cada unha das competicións da Liga aplicaráselle a cada club os seguintes puntos:

Posición	Bonificación	Puntos
1	67+3	70
2	66+2	68
3	65+1	66
4	64	64
5	63	63

A partir do posto 5 os puntos obtidos por cada club irán decrecendo de un.

17.8. Aquelas probas que forman parte da Liga Galega de Caiac Cross e ao mesmo tempo teñen validez para outras competicións, e polo tanto poidan existir diferenzas regulamentarias, a toma de puntos para a clasificación da Liga Galega de Caiac Cross farase tomando a clasificación por clubs, extrapolando a puntuación por clubs para cada Liga e dándolle os puntos na orde que resulte.

18. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

18.1. Medios de publicación: o medio oficial de publicación dos resultados será en papel na área designada pola organización e/ou o Comité de Competición.

18.2. Medios de publicación alternativos: poderanse publicar os datos de forma complementaria/alternativa pero non oficial mediante calquera medio electrónico que dispoña o organizador, FEGAPI ou RFEP.

19. DESEMPATES

19.1. Na contra reloxo: resolverase o empate a favor do deportista con mellor ranking. En caso de persistir o empate, resolverase a favor do deportista que tomou a saída máis tarde.

19.2. Nunha confrontación: resolverase o empate a favor do deportista con mellor resultado na contra reloxo.

No caos de que dúas ou máis embarcacións compartan a medalla de ouro, non se concede a medalla de prata.

No caso de que tres ou máis embarcacións compartan medalla de ouro, non se concederá a medalla de prata, nin a de bronce.

Si dúas ou máis embarcacións comparten a medalla de prata non se concederá a medalla de bronce.

Si dúas ou máis embarcacións comparten a medalla de bronce, concederáse a todas elas a medalla de bronce.

19.3. Nunha competición: daráselle a mesma puntuación e clasificación aos empatados.

19.4. Na clasificación final da Liga Galega de Caiac Cross: resolveranse a favor do club que mellor posición acade no Campionato Galego da correspondente Liga.

20. RECLAMACIÓNS

20.1. Tódalas reclamacións sobre o desenvolvemento de cada competición serán entregadas ao Xuíz Arbitro.

20.2. Tódolos xefes de equipo deberán indicar ao Xuíz Arbitro ou na oficina de xestión da competición a súa intención de realizar unha consulta nun prazo non superior a 5 minutos despois de ser colocados os resultados de cada deportista no taboleiro de anuncios, e unha vez manifestada a intención de reclamación por escrito, o prazo para presentala formalmente será de 20 minutos.

20.3. As taxas serán devoltas se a consulta é considerada.

20.4. As decisións do Comité de Competición serán definitivas e poderán ser recorridas, en tempo e forma, segundo indican os regulamentos da F.G.P.

21. TÍTULOS

21.1. Por deportista: os deportistas das tres primeiras embarcacións clasificadas, en cada unha das categorías e modalidades de cada competición obterán os seguintes títulos: **Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

21.2. Por clubs en cada Competición: os tres primeiros clubs clasificados en cada competición correspondente a Liga Galega de Caiac Cross obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

21.3. Por clubs ao finalizar todas as competicións de cada Liga:

21.3.1. Os tres primeiros clubs clasificados da Liga Galega de Caiac Cross obterán os seguintes títulos: **Club Campión, Subcampión e 3º Clasificado.**

NOTA: A entrega dos títulos da Liga Galega de Caiac Cross queda supeditada a que a clasificación da Liga poida ser actualizada no momento da celebración da última proba do calendario. De non ser así, estes títulos serán entregados con posterioridade á celebración da proba.

No evento que estipule así mesmo a Federación Galega de Piragüismo faranse entrega dos seguintes títulos:

- Campión da Liga Galega de Caiac Cross

22. RECOLLIDA DE TROFEOS EN CADA COMPETICIÓN

22.1. Os deportistas galardoados deberán recoller o seu trofeo, inescusablemente, coa vestimenta deportiva oficial do Club ao que representan, de non ser así serán sancionados conforme o regulamento de Disciplina da F.G.P.

22.2. No caso de forza maior poderá ser recollido pola persoa do mesmo sexo que Delegado ou xefe de equipo designe, sempre que o teña solicitado por escrito ao Xuíz Árbitro e este o autorice.

22.3. O Trofeo por clubs será recollido polo Xefe de Equipo, representante Legal ou Aestrador do Club.

23. SUSPENSIÓN DUNHA COMPETICIÓN

Se por algunha circunstancia o Comité de Competición estimase que hai causas para suspender algunha competición da presente Liga Galega, a Xunta Directiva de esta Federación Galega de Piragüismo determinará a nova data, a competición que a substitúe ou a súa suspensión definitiva, no caso de que non puidera celebrarse.

24. CAUSA MAIOR

No suposto de que un club, por causas alleas á súa vontade, non poda tomar parte nalgunha das competicións puntuables en cada LIGA, e sempre que o estime oportuno a Xunta Directiva da F.G.P., de acordo co informe debidamente documentado polo club, poderá concedérselle os puntos alcanzados polo último Club clasificado menos 5, referíndose á competición que non puido asistir.

25. OUTRAS NORMAS

A organización de cada regata non se fai responsable dos danos que puidesen causarse a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transporte como no transcurso da regata.

26. LEMBRANZA

26.1. Embarcacións: as embarcacións deberán cumprir as normas de pesos e medidas establecidas nos Regulamentos da RFEP para cada especialidade.

26.2. Deportistas: os padexeiros deberán estar equipados segundo as normas de seguridade de cada especialidade, establecidas nos Regulamentos da RFEP.

Cada competidor debe levar un casco de seguridade debidamente abrochado debaixo do queixo e un chaleco flotador. Ámbolos dous deben estar en boas condicións.

A estrutura, forma ou composición do chaleco flotador e casco non deben ser modificados de ningunha forma. O material debe ser de fabricantes recoñecidos que garantan a calidade dos mesmos e os estándares industriais comúns.

O chaleco flotador debe cumprir coa actual norma industrial ISO 12402-5 (nivel 50) ou con calquera norma nacional que garanta as mesmas e prestacións e poder ser rexistrados pola FIC.

O casco de seguridade debe cumprir coa norma EN 1385 e pode ser rexistrado pola FIC.

Cada casco deberá ser marcado de tal maneira que a seguinte información sexa facilmente visible para o usuario, e que permaneza visible durante toda a súa vida útil para permitir o control do mesmo:

- Número da norma europea.
- Nome ou identificación da marca fabricante.
- Data de fabricación.
- A designación “casco para piragüismo de augas bravas”.

Recomendase a organización que comprobem os chalecos flotadores e as embarcacións, tanto antes como despois da competición.

En caso de dúbida, deberase comprobar a flotabilidade da embarcación, debendo flotar nivelada na superficie estando chea de auga.

Os competidores deben poder liberarse inmediatamente da embarcación en calquera momento.

No caso de que non se cumpran as normas de seguridade, o Xuíz de saída e o Xuíz árbitro, de acordo coas súas obrigacións, poden prohibir a saída a un competidor.

En calquera caso, os competidores compiten baixo a súa responsabilidade, nin a FGP, nin a organización é responsable dos accidentes ou danos ao material que poidan ocorrer durante o percorrido.

En caso de que non se cumpran as normas de seguridade e equipamento, o Xuíz de saída pode prohibir a saída a un competidor.

27. REQUISITOS DOS ORGANIZADORES

Para ser organizador dalgunha destas competicións, é necesario cubrir os seguintes requisitos:

- a) Todas as competicións deben ter contratada una póliza de responsabilidade civil e acreditado ante a F.G.P., podendo ser esta substituída por unha póliza colectiva da propia Federación Galega de Piragüismo.
- b) Dispor de zona de embarque e desembarque facilmente practicable, así como dispor de zona de quecemento na saída e des-quecemento despois da meta.
- c) Ter instalado un percorrido con tempo suficiente, para que os clubs teñan a posibilidade de remar no lugar da proba. O montaxe do campo correspóndelle o organizador que deberá cumprir cos regulamentos de sláalom da RFEP aprobado polo CSD.
- d) Ambulancia con persoal sanitario.
- e) Ter un lugar habilitado para o equipo arbitral e oficina da F.G.P.
- f) Taboleiro de resultados.
- g) Entregar aos clubs o programa de competición e orde de saída. Recomendable entregar tamén o plano do percorrido.
- h) Dispor do equipo e persoal de rescate adecuado, para asegurar a integridade física dos participantes e a recuperación do material, en caso de envorco.
- i) Recomendable megafonía ambiental que cubra as necesidades da competición.


- j) Recomendable servizos e vestiarios.
- k) Trofeos ou medallas para os tres primeiros deportistas e clubs clasificados en cada proba. No Campionato Galego será a Federación Galega de Piragüismo a que aporte os trofeos ou medallas.
- l) Recomendable regulamento da proba exposto xunto ao taboleiro de resultados.
- m) Medios idóneos e suficientes para que os Xuíces poidan realizar o seu cometido.
- n) Voluntarios suficientes (mínimo 3) para a realización da competición, que se porán a disposición do director de competición.
- o) Correspondente permiso administrativo,(Confederación del Miño-Sil ou Augas de Galicia) para a realización da competición.

28. INFORMACIÓN

Para calquera información relacionada con esta Liga, estará dispoñible na páxina WEB, www.fegapi.org telefonicamente no nº 986842106 ou por escrito Rúa Gavián sn 36151 Verducido-Pontevedra.

29. DISPOSICIÓN FINAL

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento, rexeráse polo disposto no Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo. Se algo non se recollese neste último texto, rexeráse polo regulamento Nacional da especialidade correspondente, do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da R.F.E.P. e polo Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.



VºBº PRESIDENTE



O SECRETARIO

